

# 9º Marcha Ciclista Unificada

para persoas con e sen discapacidade intelectual

Special Olympics Galicia

## ETAPAS:

30 de setembro,  
Estación do Tren. Baños de Molgas

1 de outubro,  
Campo de Fútbol Noreña Basalta. Guitiriz

2 de outubro,  
Centro sociocultural de Fontiñas. Santiago.

3 de outubro,  
Praza II República. Vilagarcía de Arousa.

## Organiza:




## Horarios:

Inauguración: 10:45 h.  
Inicio da marcha: 11:30 h.  
Clausura: 14:00 h.

## Colaboran:



Special Olympics Galicia | asociacion@specialolympicsgalicia.org  
Vías Pasteur, nº53. Santiago | 608 18 27 39  
Delimitaranse espazos de acceso por motivos de seguridade



**“Quero gañar, pero se non o consigo,  
deixádeme ser valente no intento”**





## Presentación

**Special Olympics Galicia** organiza **por noveno ano consecutivo**, a Marcha Ciclista Unificada para persoas con e sen discapacidade intelectual, cun percorrido que chega a localidades das catro provincias galegas.

A marcha comezará o vindeiro 30 de setembro coa primeira etapa pola localidade de ourensá de **Baños de Molgas. (22,9 km)**

Continuará o día 1 de outubro na provincia de Lugo, onde percorrерemos unha nova etapa en **Guitiriz. (26 km)**

O día 2 estaremos en **Santiago de Compostela** nunha ruta polo centro da capital **(21,2 km)**.

E remataremos o día 3 de outubro en **Vilarcía de Arousa. (contrareloj. Serán 3 voltas por equipo pola Avda da Mariña. Cada volta 1,7 km)**.

O deporte é unha práctica vital para o **fomento da inclusión** e unha magnífica oportunidade de visibilizar a este colectivo de persoas, derrubando as barreiras físicas e psicolóxicas da sociedade á hora de coñecer e facilitar a participación destas persoas na vida social e comunitaria.

Clubs ciclistas de Galicia tamén estarán dando o seu apoio aos ciclistas con discapacidade intelectual e amosando que cos apoios adecuados, todos somos capaces de participar na sociedade en igualdade de condicións.



---

**“Quero gañar, pero se non o consigo,  
deixádeme ser valente no intento”**

---



## Participación (datos)

Os ciclistas percorreren **4 rutas**: (Baños de Molgas, Guitiriz, Santiago e Vilagarcía de Arousa)

A etapa máis numerosa será a de **Vilagarcía**.

Participan **4 entidades** da discapacidade intelectual, (CON ELES, ASPAS, PRODEME e ASPANAS)

Tamén contaremos coa participación do Club ciclista de Monte Bravo (Teo) na etapa de Santiago.

A continuación podedes consultar a participación desglosada por localidades:


ETAPA 1: BAÑOS DE MOLGAS			
Entidades	Deportistas	Adestradores	Total
Aspanas (Ourense)	8	1	9
Aspas (Santiago)	5	2	7
Prodeme (Monforte)	8	1	9
<b>TOTAL DEPORTISTAS</b>	<b>21</b>	<b>4</b>	<b>25</b>
PRO.CIVIL+CRUZ VERMELLA+POL.LOCAL+061 + MOTO VOLTA E ORGANIZACIÓN DO EVENTO			15
<b>TOTAL PARTICIPANTES</b>			<b>40</b>

ETAPA 2: GUITIRIZ			
Entidades	Deportistas	Adestradores	Total
Aspas (Santiago)	5	2	7
Prodeme (Monforte)	8	1	9
<b>TOTAL DEPORTISTAS</b>	<b>13</b>	<b>3</b>	<b>16</b>
Pro.CIVIL+CruzVERMELLA+P.LOCAL+061 + MOTO			15
<b>TOTAL PARTICIPANTES</b>			<b>31</b>

ETAPA 3: SANTIAGO			
Entidades	Deportistas	Adestradores	Total
Aspas (Santiago)	5	2	7
Prodeme (Monforte)	8	1	9
Club ciclista Monte Bravo (Teo)	4		4
<b>TOTAL DEPORTISTAS</b>	<b>17</b>	<b>3</b>	<b>20</b>
PRO.CIVIL+CRUZ VERMELLA+POL.LOCAL+061 + MOTO VOLTA			5
VOLUNTARIOS e ORGANIZACION			13
<b>TOTAL PARTICIPANTES</b>			<b>38</b>

ETAPA 4: VILAGARCÍA DE AROUSA			
Entidades	Deportistas	Adestradores	Total
Aspas (Santiago)	5	2	7
Con Eles (Vilagarcía)	12	1	13
Prodeme (Monforte)	8	1	9
<b>TOTAL DEPORTISTAS</b>	<b>26</b>	<b>4</b>	<b>29</b>
PRO.CIVIL+CRUZ VERMELLA+POL.LOCAL+061 + MOTO VOLTA			5
ORGANIZACIÓN e VOLUNTARIOS			12
<b>TOTAL PARTICIPANTES</b>			<b>46</b>

\* Datos susceptibles de modificación



---

**A través da observación e da participación, a sociedade pode chegar a entender, respectar e aceptar ás persoas con discapacidade intelectual nun ambiente de igualdade.**

---





## Obxectivos

Ofrecer unha xornada de convivencia a entidades e clubs de Galicia.

Promocionar a práctica do ciclismo nas persoas con discapacidade intelectual de Galicia.

Ter un punto de encontro no que poidan participar todas as persoas con discapacidade intelectual, gozando dunha xornada deportiva unificada con deportistas doutros clubs.

Favorecer unha contorna de convivencia entre o voluntariado e as persoas con discapacidade intelectual de Galicia.

Facer visibles as capacidades das persoas.

Potenciar as habilidades e destrezas para relacionarse.

Concienciar e difundir a imaxe positiva e respectuosa das persoas con discapacidade intelectual.

Enriquecer mediante a acción voluntaria as actuacións mellorando a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual.

Eliminar barreiras e estereotipos que dificultan a normalización.

Achegar a discapacidade a toda a sociedade.

Adaptar a actividade á persoa proporcionándolle os apoios necesarios.

Aprender destrezas e hábitos de vida saudables dos deportistas dos clubs participantes.









## Horario previsto por etapa:

HORA	ACTIVIDADE
10:15 h.:	Control de Sinaturas – Llegada de participantes.
10:45 h.:	Acto de Inauguración.
11:30 h.:	Saída da Marcha
14:00 h.:	Clausura. Acto de recoñecemento e intervencións.





**“Promovemos o fomento e a participación da comunidade en todos os nosos eventos mediante un programa activo de voluntariado: a inclusión é a nosa meta final.”**





## Special Olympics Galicia

Special Olympics Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, formada por pais, profesionais e amigos de persoas con discapacidade intelectual.

A asociación nace no ano 2000, por acordo de 17 entidades das diferentes provincias galegas, e co fin de conseguir a inclusión social do colectivo de persoas con discapacidade intelectual, mediante a cultura, a práctica deportiva, o lecer e calquera outra actividade que promova a participación das persoas con discapacidade intelectual na vida comunitaria nun entorno normalizado.

Para elo, organizamos e coordinamos as actividades deportivas, lúdicas e culturais das diferentes entidades de persoas con discapacidade intelectual da nosa Comunidade de Autónoma.

Cada ano, Special Olympics Galicia conta cun amplo catálogo de actividades deportivas e culturais (dende o ciclismo, a natación, o atletismo... pasando por representacións teatraís e voluntariado)

Ditas actividades poden ser de ámbito provincial, autonómico e nacional, e incluso chegamos a promover a participación de atletas con discapacidade intelectual en actividades internacionais.





**Special Olympics**  
*Galicia*